



Anteproxecto de decreto polo que se establecen os procedementos de elaboración e rexistro dos Plans de Autoprotección (PAU) e se aproba o catálogo de actividades e de centros obrigados a adoptar medidas de autoprotección.

O dereito á vida e á integridade física dos cidadáns debe garantirse a través das administracións públicas, pero tamén se debe procurar a adopción de medidas destinadas á prevención e control de risco na súa orixe, tendo establecido cal debe ser a actuación inicial nas situacións de emerxencia que puideran presentarse.

O coñecemento dos riscos e a súa percepción pola cidadanía, na sociedade tecnolóxica actual, facilitan a posta en marcha de políticas activas que minimicen o risco ou prevean a resposta en caso de materializarse o perigo. A xestión e control dos riscos require da implementación dunha serie de medidas preventivas, non só para o caso de grandes desastres ou catástrofes, senón tamén noutros perigos mais habituais, creando unha cultura social na que a seguridade se manifesta como un dereito e un deber dos cidadáns.

A Lei 5/2007 de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia sinala no punto 1 do artigo 39, que as persoas, empresas e, en xeral, entidades e organismos que realizan actividades que poden xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, así como os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de forma especialmente grave por situacións deste carácter, están obrigados a adoptar medidas de autoprotección e a manter os





medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco e emerxencia, ademais do sinalado no artigo 20 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e normativa específica, e nos artigos 8 e 40 da Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.

No punto 2 do artigo 39 da citada Lei se establece que a Xunta determinará por regulamento o catálogo de actividades e os tipos de centros aos que se refire o apartado anterior, así como as medidas mínimas que se adoptarán en cada caso, de acordo coas directrices básicas de autoprotección establecidas na lexislación vixente.

Así, o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, veu a desenvolver o Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia, fixando as condicións de aplicación do mesmo. En particular, aprobaba o catálogo de actividades e centros obrigados a realizar plans de autoprotección, o contido destes plans e a creación do rexistro de plans de autoprotección.

A Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, inclúe os plans de autoprotección como plans de protección civil, definíndoos no seu artigo 15 como aqueles plans que establecen o marco orgánico e funcional previsto para os centros, establecementos, instalacións ou dependencias recollidas na normativa aplicable, co obxecto de previr e controlar os riscos de emerxencia de protección civil sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada a estas situacións.

A experiencia destes anos na aplicación do Decreto 171/2010, do 1 de outubro, fixo patente a conveniencia de revisar determinados aspectos relativos ás



actividades en centros obrigados a adoptar medidas de autoprotección, en concreto, considerase convinte recoller ás medidas mínimas de autoprotección que deben contemplar os devanditos plans. Tamén resulta conveniente que se fixen novos limiares para determinadas actividades ou centros que se incluían no catálogo en función da súa ocupación de persoas, fusionándoo agora nun criterio máis xenérico e de referencia, e para as actividades sanitarias, docentes e residenciais públicas se homoxeneizan os criterios de ocupación. Tamén se inclúe un anexo con definicións, o que simplifica e facilita a interpretación da norma.

Do mesmo xeito, o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, prevía a creación dun Rexistro de plans de autoprotección que tiña como finalidade o establecemento dunha base de datos sobre o contido dos plans de autoprotección, á cal poderían acceder os servizos de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia, en caso de sinistro.

Este Rexistro electrónico de Plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia (REGAPE) foi creado a través da Orde do 27 de febreiro de 2012, que regula o seu procedemento. Dada a actual operativa deste rexistro faise necesario establecer diversas actuacións co fin de axilizar os procedementos e optimizar o seu funcionamento.

Para elo, o presente decreto establece o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que os/as titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección; determina o contido mínimo dos plans de autoprotección; establece os sistemas de coordinación entre as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias obxecto deste decreto e os servizos públicos que forman o sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia; regula a elaboración e implantación material efectiva dos plans de autoprotección e o mantemento da súa eficacia; asegura a existencia e o mantemento dos medios mínimos de autoprotección por parte dos/as titulares das actividades, centros,



establecementos, espazos, instalacións, ou dependencias aos que é de aplicación; regula os mecanismos organizativos e a provisión dos medios necesarios para asegurar a detección e pronta resposta ante unha situación de emerxencia; establece os casos nos que é obrigatorio o rexistro dos Plans de autoprotección na plataforma REGAPE e define os casos de baixa, baixa de oficio, emenda, desestimento e caducidade.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, “en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia”.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, previo informe da Comisión Galega de Protección Civil, oído o Consello Consultivo de Galicia, facendo uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e do seu Presidente, e logo da deliberación do consello da Xunta na súa reunión de.....,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer en que casos debe elaborarse o plan de autoprotección, tendo en conta o establecido no Catálogo de Actividades recollidas no Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos, dependencias, ou actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, fixando os





medios mínimos de autoprotección e os procedementos de elaboración e rexistro dos plans de autoprotección.

Para elo, o presente decreto:

a) Establece o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que os/as titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección.

b) Determina o contido mínimo dos plans de autoprotección.

c) Establece os sistemas de coordinación entre as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias obxecto deste decreto e os servizos públicos que forman o sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia.

d) Regula a elaboración e implantación material efectiva dos plans de autoprotección e o mantemento da súa eficacia.

e) Asegura a existencia e o mantemento dos medios mínimos de autoprotección por parte dos/as titulares das actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións, ou dependencias aos que é de aplicación.

f) Regula os mecanismos organizativos e a provisión dos medios necesarios para asegurar a detección e pronta resposta ante unha situación de emerxencia.

g) Establece os casos nos que é obrigatorio o rexistro dos Plans de autoprotección na plataforma REGAPE.

h) Define os casos de baixa, baixa de oficio, emenda, desestimento e caducidade.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O presente decreto é de aplicación directa en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a todas as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións, ou dependencias descritos no anexo II, independentemente da súa





titularidade e, con carácter supletorio, ás actividades con regulamentación sectorial específica en materia de autoprotección, contempladas no apartado 1 de devandito anexo II.

2. Quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os centros, establecementos ou instalacións dependentes do Ministerio de Defensa, de Institucións Penitenciarias, das Forzas e Corpos de Seguridade e Resguardo Aduaneiro, así coma a dos órganos xudiciais, de conformidade co Real decreto 393/2007, do 23 de marzo.

3. A dirección xeral competente en materia de protección civil, pode incluír dentro do ámbito de aplicación deste decreto novas actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que, sen estar incluídos no anexo II, presenten un especial risco. Dita inclusión ser realizará mediante resolución do/a titular da Dirección Xeral competente en materia de protección civil na que se terán en conta os criterios do anexo VII.

Artigo 3. O catálogo de actividades e centros obrigados a realizar plans de autoprotección

1. No Catálogo que se insire como Anexo II do presente decreto, determínanse as actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, e os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de xeito especialmente grave por estas situacións.

2. Os/as titulares das actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións, ou dependencias, públicos e privados, que se determinan no Catálogo de Actividades están obrigados a implantar, manter e revisar o plan de autoprotección, elaborado por persoal técnico competente segundo se establece na lexislación vixente sobre competencias profesionais.

CAPÍTULO II

Obrigas de autoprotección





Artigo 4. *Obrigas dos/as titulares*

1. Os/as titulares das actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias incluídos no ámbito de aplicación deste decreto están sometidas ás seguintes obrigas:

- a) Dispor dun Plan de Autoprotección correspondente á súa actividade, de acordo co contido e criterios definidos neste decreto.
- b) Presentar o Plan de Autoprotección ao órgano da administración pública competente para outorgar a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade.
- c) Rexistrar o citado Plan no Rexistro Xeral de Plans de Autoprotección de Galicia (REGAPE) dependente do órgano competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- d) Desenvolver as actuacións para a implantación e o mantemento da eficacia do Plan de Autoprotección, de acordo co contido e criterios definidos neste decreto.
- e) Cumprimentar e manter actualizados os datos e formularios do Rexistro Xeral de Plans de Autoprotección de Galicia.
- f) Informar e formar ao persoal ao seu servizo nos contidos do Plan de Autoprotección.
- g) Dispoñer nos centros, establecementos, dependencias ou actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, unha copia impresa do PAU a disposición dos Servizos de emerxencia e dos servizos de inspección.
- h) Informar ao órgano que outorga a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade acerca de calquera modificación ou cambio substancial na actividade ou nas instalacións.
- i) Comunicar ao órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de protección civil a realización dos simulacros ou exercicios previstos no Plan de Autoprotección.





j) Emitir o certificado da implantación do plan de autoprotección, facéndose responsable das actividades de implantación previstas.

k) Dispor dos medios mínimos de autoprotección aos que fai referencia o anexo VI.

2. En canto ao plan de autoprotección, o/a titular da actividade, centro, establecemento, dependencia ou evento, deberá desenvolver as seguintes funcións:

a) Dirixir o plan de autoprotección ou, no seu caso, designar a unha persoa directora do plan de autoprotección, responsable das funcións e accións especificadas no plan.

b) Designar a unha persoa responsable da xestión das actuacións encamiñadas á prevención e control dos riscos.

c) Designar a unha persoa xefe/a de emerxencia, con autoridade para a xestión das actuacións encamiñadas á resposta ante as emerxencias, de acordo co contido do manual de actuación segundo se establece no anexo III deste decreto.

Estas funcións pódenas asumir persoas diferentes, de acordo coa estrutura da actividade e de xeito compatible co volume de tarefas asignadas.

Artigo 5. Obrigas de autoprotección do persoal

As persoas que presten servizo nunha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, teñen a obriga, de acordo coas súas capacidades, de participar no plan de autoprotección e asumir as funcións que lles sexan asignadas, se son requiridas para iso. Así mesmo, están obrigadas a participar na formación necesaria que se estableza para levar a cabo as funcións mencionadas e a participar nos simulacros que se realicen nese centro, establecemento, dependencia ou evento.

CAPÍTULO III





O Plan de autoprotección

Artigo 6.- Concepto e *Réxime aplicable*

1. Plan de autoprotección é o documento que establece o marco orgánico e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia ou evento, co obxecto de prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo responsabilidade da titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema integrado de atención ás emerxencias de Galicia.

2. A elaboración, implantación, mantemento e revisión do Plan de Autoprotección é responsabilidade da titular da actividade, centro, establecemento, espazo, instalación, dependencia ou evento.

3. Os centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban dispoñer de plan de autoprotección, cando no seu espazo físico se atopen actividades contidas no Catálogo, deberán integrar no seu plan os plans das distintas actividades. O Plan tamén contemplará o resto de actividades non incluídas no anexo II deste decreto. Nos devanditos centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias, poderase admitir un plan de autoprotección integral único, sempre que se contemple todos os riscos particulares de cada unha das actividades que conteñan.

4. No caso de actividades temporais ou eventos realizadas en centros, establecementos, instalacións ou dependencias que dispoñan de autorización para unha actividade distinta da que se pretende realizar e incluída no anexo II, a persoa organizadora da actividade temporal estará obrigada a elaborar e implantar, con carácter previo ao comezo da nova actividade, un Plan de Autoprotección complementario.





5.Os/as titulares das distintas actividades, en réxime de arrendamento, concesión ou contrata, nos centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban dispoñer de plan de autoprotección, de acordo co establecido no anexo II, son os responsables de elaborar, implantar e integrar os seus plans.

6.As administracións públicas competentes poderán, en todo momento, requirir da titular da actividade correccións, modificacións ou actualizacións dos plans de autoprotección elaborados en caso de variación das circunstancias que determinaron a súa adopción ou para adecualos á normativa vixente sobre autoprotección e ao disposto nos plans de protección civil.

Artigo 7. Estrutura e contido do plan de autoprotección

1.O Plan de Autoprotección será un documento único que constará da estrutura e contido mínimo que se recolle no anexo III.

2.Os plans de autoprotección comprenderán, cando menos, os aspectos contemplados na Norma Básica de Autoprotección, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, e recolleranse nun documento cuxa estrutura e contido mínimo será o que figura no Anexo III deste decreto.

3.O plan de autoprotección, así como a súa revisión e actualización, ten que ser elaborado e asinado por persoal técnico competente e ten que estar subscrito igualmente pola persoa titular da actividade, se é unha persoa física, ou pola persoa que a represente, se é unha persoa xurídica.

4.No caso das infraestruturas de subministracións básicas, viarias ou ferroviarias con instalacións incluídas non anexo II deste decreto, poderase admitir un único plan de autoprotección para toda a infraestrutura de subministracións, sempre que este integre nel a análise de todos os riscos e todas as medidas de autoprotección.

5.Poderán fusionarse nun documento único este ou outros documentos de natureza análoga que deban realizar os/as titulares en virtude da normativa





sectorial aplicable, cando dita unión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo titular ou a autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos esenciais da presente norma.

6.O documento do Plan de Autoprotección incluírá todos os procedementos e protocolos necesarios para reflectir as actuacións preventivas e de resposta á emerxencia.

Artigo 8. Revisión e actualización do plan de autoprotección

1.O plan de autoprotección deberá estar permanentemente actualizado. O/a titular da actividade, centro, establecemento, espazo, instalación, dependencia ou evento é o responsable da modificación sistemática dos datos que puidesen sufrir algunha variación significativa e de incorporalos nos protocolos de actuación e no Rexistro de Plans de Autoprotección.

2.O plan de autoprotección revisarase sempre que haxa unha modificación substancial e, como mínimo, cada tres anos, salvo que na normativa sectorial específica se estableza un prazo menor.

Artigo 9. Implantación e mantemento do Plan

1.Aos efectos do previsto no apartado 3.5 da Norma Básica de Autoprotección, aprobada polo Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, o titular da actividade, centro, establecemento, espazo, instalación, dependencia ou evento, ou o seu representante legal emitirá un certificado da implantación do plan de autoprotección de conformidade co modelo establecido no Anexo IV.

2.A implantación e mantemento do plan de autoprotección comprenderá, polo menos:



a) Formación teórica e práctica ao persoal que traballa na actividade. Deberá establecerse un programa de actividades formativas periódicas adecuado e dimensionado á actividade para asegurar o mantemento da formación teórica e práctica do persoal asignado ao plan de autoprotección, así como os sistemas ou formas de comprobación de que estes coñecementos foron adquiridos.

b) Información ás persoas usuarias da actividade, centro, establecemento, espazo, instalación, dependencia ou evento sobre os seus riscos, medidas para tomar en caso de emerxencia e medios existentes para facer efectivas estas medidas, entre elas, vías de evacuación, puntos de reunión e zonas de confinamento, etc, se procede. Garantirase que os puntos de reunión quedan fóra das vías de acceso dos servizos de emerxencia á instalación ou, en caso de imposibilidade material, que permitan un fácil acceso de ditos servizos.

c) Definición, provisión e xestión dos medios e recursos económicos necesarios, ao ser plans de protección civil de conformidade co artigo 32 da Lei 5/2007 do 1 de maio de emerxencias de Galicia.

d) Realización e comunicación ao Centro de Atención a Emerxencias 112 dos simulacros de emerxencia.

3. Nos casos de centros, establecementos ou dependencias fixas, o titular das mesmas debe elaborar un informe anual das actuacións de implantación do plan, asinado tamén polo xefe/a da emerxencia. Quedan exentas as actividades temporais, eventos ou outras de natureza non fixa.

4. O/a titular do centro ou actividade ten que conservar a documentación de todas as actuacións de implantación e mantemento do plan. A Administración competente poderá requirir, como obriga derivada do plan, a documentación mencionada. A falta de dispoñibilidade e remisión da documentación pode supoñer a imposición das sancións que sexan aplicables.

5. O órgano competente en materia de inspección da correspondente Administración receptora do plan, poderá avaliar as actuacións de implantación





e propoñer as actuacións correctoras oportunas. Así mesmo, o/a titular da actividade, centro, establecemento, espazo, instalación, dependencia ou evento poderá propoñer medidas alternativas en función da súa organización e medios dispoñibles.

Artigo 10. Medios mínimos de Autoprotección

1.As actividades e centros afectados por este decreto están obrigados a dotarse dos medios de autoprotección mínimos que se especifican no anexo VI a efectos de asegurar a boa execución do plan de autoprotección, e reflectilo no correspondente apartado do plan.

2.Os recursos que conforman os medios mínimos de autoprotección poden ser mancomunados por actividades, centros, establecementos, espazos ou instalacións próximas no caso de que o tempo de resposta fronte unha emerxencia non sexa superior a dez minutos.

CAPÍTULO IV

Control e fomento da autoprotección polos poderes públicos

Artigo 11. Rexistro de plans de autoprotección (REGAPE)

1. O rexistro de plans de autoprotección REGAPE, creado a través da Orde do 27 de febreiro de 2012 ten como finalidade fundamental o establecemento dunha base de datos sobre o contido dos plans de autoprotección, á cal poderán acceder os servizos de emerxencias do Sistema Integrado de Atención ás Emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de ampliar a información sobre as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que facilite e optimice as súas posibles intervencións en caso de sinistro.

2. A inscrición do PAU neste rexistro é obrigatoria para todas as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que se





determinan no Catálogo de Actividades. Poren as non incluídas no devandito Catálogo poderán, así mesmo, inscribirse no rexistro con carácter voluntario.

3. Os datos que deben ser achegados para a súa inscrición no Rexistro, serán os que se recollen no Anexo V deste decreto e nos diferentes formularios da aplicación de rexistro, que deberán estar sempre actualizados.

4. Os/as titulares das actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias públicos e privados que se determinan no Catálogo de Actividades, deberán solicitar a inscrición do plan de autoprotección con carácter previo ao inicio da súa actividade ou á modificación do exercicio da xa autorizada.

5. A resolución da Administración pola que se acorde a inscrición deberá notificarse no prazo máximo de tres meses, de conformidade co establecido na Lei 39/2015. No caso de solicitar emendas, suspenderase o prazo conforme ao artigo 22.1.a da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Transcorrido o dito prazo sen que fose notificada resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude. En todo caso a inscrición no REGAPE non supón a concesión de permiso ou licenza para o comezo da actividade.

Artigo 12. *Inspección e control*

1. Os órganos receptores dos plans de autoprotección, de conformidade co artigo 4.2, do presente decreto, velarán polo cumprimento das esixencias contidas neste decreto e na Norma Básica de Autoprotección, aprobada polo Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo.

2. O centro directivo con competencias en materia de protección civil da Xunta de Galicia estará facultada para:

a) Esixir aos/as titulares das actividades apuntadas no anexo II deste decreto a presentación do Plan de autoprotección ante o órgano competente para dar a





licenza ou permiso de explotación ou inicio de actividade e a implantación material e efectiva de dito plan, así como inspeccionar o cumprimento do establecido neste decreto.

b) Instar aos órganos das Administracións Públicas competentes na concesión de licenzas ou permisos de explotación ou inicio de actividades, a velar polo cumprimento das obrigas impostas en materia de autoprotección, exercendo a inspección e control da autoprotección.

c) Exercer a atribución contida na letra b) deste artigo cando os órganos das Administracións Públicas competentes na concesión de licenzas ou permisos de explotación ou inicio de actividades, desatendan o requirimento formulado.

d) Establecer e manter os correspondentes rexistros e arquivos de carácter público previstos neste decreto.

e) Obrigar aos/as titulares das actividades que consideren perigosas, por si mesmas ou por acharse en contornas de risco, aínda que a actividade non figure no anexo II, conforme aos criterios contidos no anexo VII, a que elaboren e implanten un Plan de Autoprotección.

f) Promover a colaboración entre as empresas ou entidades cuxas actividades presenten riscos especiais, co fin de incrementar o nivel de autoprotección nas súas instalacións e na contorna destas.

g) Exercer a potestade sancionadora conforme ao establecido na Lei 5/2017, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

3. Os órganos das Administracións Públicas competentes para o outorgamento da licenza ou permiso para a explotación ou inicio de actividade, están facultados para:

a) Recibir os Plans de Autoprotección.

b) Requerir cuantos datos estime oportuno no exercicio das súas competencias.





c) Esixir aos/as titulares das actividades situadas nunha mesma edificación ou recintos contiguos para que presenten e/ou implanten un plan conxunto de autoprotección, cando a valoración das circunstancias concorrentes e a protección de bens e persoas así o recomende.

d) Velar polo cumprimento das obrigacións impostas en materia de autoprotección, exercendo a inspección e control da autoprotección.

e) Comunicar aos órganos competentes en materia de protección civil aquelas circunstancias e informacións que resulten do seu interese en materia de autoprotección.

Artigo 13. *Baixas de actividades ou centros*

Sen prexuízo das obrigas que fixe a normativa específica que sexa aplicable, para a tramitación das baixas dos centros, establecementos, dependencias ou actividades, no caso de desaparición da causa que motivou a súa inscrición no rexistro, os/as titulares, teñen o deber de comunicar obrigatoriamente esta circunstancia ao centro directivo competente en materia de protección civil no prazo de tres meses desde a desaparición da causa de inscrición, baixa que se tramitará a través do Rexistro de Plans de Autoprotección (REGAPE).

Artigo 14. *Réxime sancionador*

Ao incumprimento do disposto neste decreto seralle de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Disposición adicional. *Modificación normativa*

As referencias feitas ao Decreto 171/2010, do 1 de outubro, na orde de 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de





autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e regúlase o seu procedemento, entenderanse referidas ao presente decreto.

Disposición transitoria. *Actividades*

Os/as titulares de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que estean obrigados a presentar un plan de autoprotección e tivesen xa concedida licenza de actividade na data de entrada en vigor deste decreto, deberán presentalo no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto.

Os/as titulares de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que estean obrigados a presentar un plan de autoprotección conforme ao Decreto 171/2010, do 1 de outubro, e tivesen xa presentado o plan de autoprotección, terán un prazo para adaptar o plan, de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposición derradeiras

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da consellería con competencia en materia de protección civil a ditar as ordes necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es

galicia



Xacobeo 2021



ANEXO I: Definicións

A efectos deste decreto, enténdese por:

Actividade: conxunto de operacións ou tarefas que realiza unha empresa, industria ou actividade que poden dar lugar a accidentes ou acontecementos que xeren situacións de emerxencia ou poidan sufrir as consecuencias.

Actividade de carácter temporal: actividade clasificada nos anexos deste decreto e que se realiza nun espazo ou se instala nun emprazamento determinado de maneira autónoma e independente, por un período de tempo concreto e non superior a un mes. As actividades de carácter temporal poden ser puntuais ou poden ser descontinuas (periódicas). Cando cesa unha actividade de carácter temporal puntual xa non se pode volver realizar. As actividades de carácter temporal descontinuo (periódicas), cando cesa a actividade, volven realizar a mesma actividade no mesmo ano ou en anos sucesivos. Tamén se inclúen dentro as actividades temporais as extraordinarias de acordo coa normativa sectorial correspondente.

Actualización do plan de autoprotección: actuación que consiste en modificar de forma sistemática os datos do plan de autoprotección que tivesen algunha variación, de modo que os datos que consten no plan sexan os actuais. A actualización non implica unha revisión do plan.

Aforo: número máximo de público autorizado de acordo coa licenza ou autorización correspondente (basicamente en espectáculos públicos e actividades recreativas) ou capacidade total de público nun recinto ou edificio.

Altura de evacuación: a diferenza de cota topográfica entre o nivel dunha orixe de evacuación e o do espazo exterior seguro, de acordo co Real decreto 314/2006, do 17 de marzo polo que se aproba o Código técnico da edificación.





Ambulancia clase A1: segundo o Real Decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, ambulancias non asistenciais, que non están acondicionadas para a asistencia sanitaria en roteiro, e destinadas ao transporte de pacientes en padiola.

Ambulancia clase A2: segundo o Real Decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, ambulancias non asistenciais, que non están acondicionadas para a asistencia sanitaria en roteiro, acondicionadas para o transporte conxunto de enfermos cuxo traslado non revista carácter de urxencia, nin estean afectados de enfermidades infecto-contaxiosas.

Ambulancia clase B: segundo o Real Decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, Ambulancias asistenciais, acondicionadas para permitir asistencia técnico-sanitaria en roteiro, e destinadas a proporcionar soporte vital básico e atención sanitaria inicial.

Ambulancia clase C: segundo o Real Decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, Ambulancias asistenciais, acondicionadas para permitir asistencia técnico-sanitaria en roteiro, e destinadas a proporcionar soporte vital avanzado.

Asistencia sanitaria inmediata (ASI): conxunto de medidas destinadas a tratar emerxencias con risco vital, incluíndo a AVB e a RCP (atención vital básica e a reanimación cardio pulmonar).





Capacidade: número máximo de persoas previsto regulamentariamente para unha actividade. No caso de usos previstos no Código técnico da edificación é equiparable á ocupación.

Centro, establecemento, instalación ou dependencia: a totalidade da zona, baixo control dun/ha titular, cuberta ou ao aire libre, onde se desenvolve unha actividade.

Centro sanitario: conxunto organizado de instalacións e medios técnicos no que profesionais con capacitación, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, e baixo a dirección dun responsable sanitario, realizan actividades sanitarias a fin de coidar da saúde das persoas.

Desfibrilador externo automatizado (DEA): equipo técnico homologado para usalo de acordo coa lexislación vixente, capaz de analizar o ritmo cardíaco, identificar arritmias tributarias de desfibrilación e administrar unha descarga eléctrica para restablecer o ritmo cardíaco viable, con altos niveis de seguridade. Cando este aparello require unha acción humana de pulsar o botón de conexión, denomínase desfibrilador externo semiautomatizado (DESA), aínda que, baixo a denominación xenérica de DEA, internacionalmente agrúpanse ambos os tipos: o DESA e o completamente automatizado.

Elemento vulnerable: elemento (como por exemplo poboación, edificación, obra de enxeñería civil, infraestrutura, actividade económica ou servizo público) exposto a sufrir danos ante un perigo.

Elemento moi vulnerable: elemento que aglutina poboación especialmente sensible (persoas enfermas, nenos, persoas da terceira idade, mulleres embarazadas e outras que poida definir o grupo sanitario) exposto a sufrir danos de intensidade superior aos danos que sufriría un elemento vulnerable ante o mesmo perigo.

Espazo delimitado ou recinto: espazo delimitado por peches, particións ou outros elementos perimetrais especificamente instalados para crear este espazo. Os recintos dispoñen de pasos ou portas para acceder ou saír.





Espazo non delimitado: espazo ao aire libre que non está delimitado por peches, particións ou outros elementos perimetrais especificamente instalados para crear este espazo. Os recintos ao aire libre cunha relación entre a súa superficie en m^2 e o número de persoas que o ocupan (cociente de persoas RP) superior a 2,5 pódense considerar espazos non delimitados a efectos deste decreto.

Espazo non delimitado de especial risco: os espazos non delimitados que pola súa configuración teñan unha relación entre o número de persoas que ocupan un espazo non delimitado e a anchura en metros dos pasos para acceder ou saír (cociente de saídas RS) igual ou superior a 175 e isto poida representar un risco superior para as persoas, téñense que considerar recintos para os efectos deste decreto.

Establecemento sanitario: espazo público dotado dun conxunto organizado de medios técnicos e de instalacións no que profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias de dispensación de medicamentos ou de adaptación individual de produtos sanitarios. Son exemplos as oficinas de farmacia, os centros ópticos e os centros audioprotésicos.

Evacuación ou afastamento: medida de protección das persoas ante un accidente ou emerxencia, que consiste en saír ordenadamente dun local, centro, establecemento, instalación ou dependencia dentro do cal as condicións non son seguras, e permanecer no exterior de leste, nun lugar non afectado pola emerxencia, ata que a emerxencia estea controlada e as condicións no interior garantan a seguridade dos ocupantes.

Implantación: todo o conxunto de medidas a tomar para asegurar a eficacia operativa do plan de autoprotección.

Interfase: interrelación entre un plan de autoprotección e os outros plans que configuran o sistema de protección civil.

Intervención: consiste na resposta á emerxencia, para combater a orixe, para protexer e dar socorro ás persoas, aos bens e ao medio ambiente.





Medidas de autoprotección: en xeral, o conxunto de actuacións que teñen que levar a cabo as persoas que se poidan ver afectadas por unha situación de risco ou por unha emerxencia, para garantir a súa seguridade.

Medios: conxunto de persoas, máquinas, equipos e sistemas que serven para reducir ou eliminar riscos e controlar as emerxencias que se poidan xerar.

Modificación substancial: calquera modificación das características ou do funcionamento dunha actividade, centro, establecemento, instalación ou dependencia que pode ter repercusións prexudiciais ou importantes para as persoas, os bens e o medio ambiente, desde o punto de vista da protección civil.

Modificación non substancial: modificación das características ou do funcionamento dunha actividade, centro, establecemento, instalación ou dependencia que non implica consecuencias previsibles para as persoas, os bens e o medio ambiente, desde o punto de vista da protección civil. Tamén constitúen modificacións non substanciais as modificacións que poden ter consecuencias sobre a poboación en materia de protección civil e que non son de magnitude significativa.

Ocupación: máximo número de persoas que pode conter un edificio, espazo, establecemento, recinto, instalación ou dependencia, en función da actividade ou uso que se faga e dos elementos de evacuación dispoñibles. O cálculo da ocupación faise atendendo ás densidades de ocupación indicadas na normativa vixente.

Persoa titular da actividade: é a persoa física ou xurídica que explota o establecemento, espazo, dependencia ou instalación onde se desenvolven as actividades. É a responsable de que se elabore, implante e manteña actualizado e operativo o plan de autoprotección.

Plan de autoprotección (PAU): documento que prevé, para unha determinada actividade, instalación, centro, evento, establecemento ou





dependencia, as emerxencias que se poden producir como consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que os poden afectar. Os plans de autoprotección baséanse nunha análise de risco e teñen que establecer, xunto cos riscos xerados pola mesma actividade, a relación de coordinación cos plans territoriais, especiais e específicos que os afecten. Prevención e control de riscos: estudo e implantación das medidas necesarias para manter baixo observación, evitar ou reducir as situacións de risco potencial e os danos que se poidan derivar. As accións preventivas pódense establecer antes de que se produza a incidencia ou emerxencia, como consecuencia da análise e da avaliación do risco, ou despois da emerxencia, a partir da experiencia adquirida.

Punto de recepción de axuda externa: punto onde se reciben os medios ou servizos externos á actividade.

Punto de reunión: punto de concentración das persoas evacuadas.

Revisión do plan de autoprotección: actuación que consiste en examinar de forma detallada un plan de autoprotección e efectuar as modificacións que procedan para adaptalo aos cambios que se puideron producir no risco, ou ben na estrutura ou a operatividade. Os plans de autoprotección teñen que ser revisados sempre que haxa unha modificación substancial e nun prazo máximo de catro anos desde a súa elaboración.

Simulacro: consiste en poñer a proba a activación, en condicións ficticias, dun plan de protección civil, xa sexa un plan de autoprotección dunha actividade/entidade, un plan de emerxencias municipal, un plan de emerxencias autonómico ou un conxunto deles, para avaliar a súa operatividade.

Simulación: é un simulacro onde se pon a proba a toma de decisións dos principais órganos definidos nos plans, tanto a nivel de responsables operativos como estratéxicos, para unha correcta resolución da emerxencia simulada. Non hai accións reais.





Sistema de autoprotección: comprende todo o conxunto de accións e medidas que teñen como obxectivo previr e xestionar os riscos sobre as persoas e os bens, e dar resposta suficiente ás posibles situacións de emerxencia, así como garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

Tipoloxía de ocupantes: tipo de poboación, desde un punto de vista de vulnerabilidade, á que vai destinada a instalación incluída dentro do ámbito de aplicación deste decreto: poboación vulnerable e poboación moi vulnerable.

Vulnerabilidade: grao de predisposición dun elemento (persoa, edificio, etc.) a ser afectado por un fenómeno dunha severidade (intensidade ou magnitude) determinada e a sufrir danos.

Zona de intervención: é aquela en a que as consecuencias dos accidentes producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección. Esta zona é definida pola normativa de accidentes graves e a estimación do seu alcance realízase de acordo cos criterios da Directriz básica de protección civil para o control e a planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz Básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

Zona de alerta: é aquela en a que as consecuencias dos accidentes provocan efectos que, aínda que perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, excepto polos grupos críticos de poboación. Esta zona é definida pola normativa de accidentes graves e a estimación do seu alcance realízase de acordo cos criterios da Directriz básica de protección civil para o control e a planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.





ANEXO II

Catálogo de actividades

1. Actividades con regulamentación sectorial específica

a) Actividades industriais, de almacenamento e de investigación:

Establecementos nos que interveñen substancias perigosas: Aqueles nos que están presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

As actividades de almacenamento de produtos químicos acollidas ás instrucións técnicas complementarias e nas cantidades seguintes:

ITC APQ-1, (almacenamento de líquidos inflamables e combustibles) de capacidade maior a 200 m³.

ITC APQ-2, (almacenamento de óxido de etileno) de capacidade maior a 1 t.

ITC APQ-3, (almacenamento de cloro) de capacidade maior a 4 t.

ITC APQ-4, (almacenamento de amoníaco anhidro) de capacidade maior a 3 t.

ITC APQ-5, (almacenamento de botellas e bombonas de gases comprimidos licuados e disoltos a presión) de categoría 4 ou 5.

ITC APQ-6, (almacenamento de líquidos corrosivos) de capacidade maior a 500 m³.





ITC APQ-7, (almacenamento de líquidos tóxicos) de capacidade maior a 200 m3.

ITC APQ-8, (almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico, con alto contido en nitróxeno) de capacidade maior a 200 t.

Establecementos nos que interveñen explosivos: Aqueles regulados na Orden/ Pre/252/2006 do 6 de febreiro pola que se actualiza a ITC 10 sobre prevención de accidentes graves previstos no Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de Explosivos.

Actividades de xestión de residuos perigosos: Aquelas actividades de recollida, almacenamento, valorización ou eliminación de residuos perigosos, de acordo co que establece a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Explotacións e industrias relacionadas coa minaría: sempre que se desenvolva una actividade subterránea ou ben que dispoñan de máis de vinte traballadores: as reguladas polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, e polas súas instrucións técnicas complementarias, modificado polo Real decreto 150/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica o artigo 109 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

Instalacións de utilización confinada de organismos modificados xenéticamente: As clasificadas como actividades de risco alto (tipo 4) no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

Instalacións para a obtención, transformación, tratamento, almacenamento e distribución de substancias ou materias biolóxicas perigosas: As instalacións que conteñan axentes biolóxicos do grupo 4, determinados no Real decreto





664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

b) Actividades de infraestruturas de transporte:

Tuneis de estrada con máis de 1.000 m de lonxitude ou entre 500 e 1.000 m de lonxitude cunha intensidade media diaria (IMD) superior a 5.000 vehículos/día, incluíndo os que formen parte da mesma vía e que estean separados entre si por unha distancia inferior a 500 m.

Portos Comerciais: Os portos de interese xeral con uso comercial e os seus usos complementarios ou auxiliares definidos na Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias: Aqueles regulados pola lei 21/2003, de 7 de xullo, de seguridade aérea e pola normativa internacional (Normas e Recomendacións da Organización da Aviación Civil Internacional –OACI) e nacional da Dirección Xeral de Aviación Civil aplicable.

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:

Instalacións nucleares e radioactivas: as reguladas polo Real decreto 1836/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

Infraestruturas hidráulicas (presas e encoros): as clasificadas como categorías A e B na Orde de 12 de marzo de 1996, pola que se aproba o regulamento técnico sobre seguridade de presas e encoros, así como na resolución de 31 de xaneiro de 1995, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba I Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco de Inundacións.

d) Actividades de espectáculos públicos e recreativas.





Lugares, recintos e instalacións nas que se celebren os eventos regulados pola normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sempre que cumpran coas seguintes características:

En espazos pechados:

Edificios pechados permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente, con capacidade ou aforo igual o superior a 1000 persoas, ou con unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.

Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada cubertos total ou parcialmente con capacidade ou aforo igual ou superior a 1500 persoas.

Outras actividades en espazos delimitados con un número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas.

En espazos non delimitados:

Actividades con un número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas.

e) Outras actividades reguladas por normativa sectorial de autoprotección. Aqueloutras actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos sobre os que unha normativa sectorial específica estableza obrigas de autoprotección nos termos definidos nesta norma.

2. Actividades sen regulamentación sectorial específica

a) Actividades industriais e de almacenamento:

Aquelas cunha carga de lume ponderada e corrixida igual ou superior a 3.200 Mcal/m² ou 13.600 MJ/m², (risco intrínseco alto 8, segundo a táboa 1.3 do Anexo I do Real decreto 267/2004, do 3 de decembro, polo que aproba o regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais) ou aquelas nas que estean presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ao 60% das especificadas na columna 2 das partes 1 e 2





do anexo 1 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

Instalacións frigoríficas con líquidos refrixerantes do segundo e terceiro grupo cando superen as cantidades totais empregadas en 3 t.

Establecementos con instalacións acollidas ás ITC IP02, IP03 e IP-04 con máis de 500 m3.

b) Actividades e infraestruturas de transporte:

Estacións e intercambiadores de transporte terrestre: Aqueles cunha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.

Túneis ferroviarios de lonxitude igual ou superior a 1.000 m, incluíndo os que forman parte da mesma vía e que están separados entre si por unha distancia inferior a 500 m.

Autoestradas de peaxe

Áreas de estacionamento para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

Portos comerciais.

Os condutos que transportan substancias perigosas: gasodutos, oleodutos, ou condutos similares. No caso dos gasodutos, inclúense as conducións que transportan gas natural por encima de 16 bar (presión de transporte secundario).

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:

Centros ou Instalacións destinados á produción de enerxía eléctrica: Os de potencia nominal igual ou superior a 300 MW.

Instalacións de xeración e transformación de enerxía eléctrica en alta tensión.

d) Actividades sanitarias:





Establecementos de usos sanitarios nos que se prestan coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo ou cirúrxico, cunha dispoñibilidade igual ou superior a 100 camas.

Calquera outro establecemento de uso sanitario que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.

e) Centros educativos.

A efectos deste artigo, entenderase como centro educativo a todo aquel descrito no artigo 40.1 da Lei 5/2007, do 5 de maio, de Emerxencias de Galicia.

Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas, sensoriais, intelectuais ou con enfermidades mentais ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña una altura de evacuación igual o superior a 28 m, ou dunha ocupación igual o superior a 1.000 persoas.

f) Actividades residenciais públicas:

Establecementos de uso residencial público: aquelas nas que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a persoas anciáns, con discapacidade física, sensorial, intelectual ou con enfermidade mental, ou aquelas en as que habitualmente haxa usuarios que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

Calquera outro establecemento de uso residencial público sempre que dispoña unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 1000 persoas.

g) Outras actividades:





Aquelas outras actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos que reúnan algunha das seguintes características:

Edificios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos, ou de calquera outro tipo, sempre que a altura de evacuación do edificio sexa igual ou superior a 28 m, ou ben dispoñan dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.

Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada cubertos total ou parcialmente con capacidade ou aforo igual ou superior a 1500 persoas.

Instalacións de cámping con capacidade igual ou superior a 1.000 persoas.

Outras actividades en espazos delimitados con un número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas.

Actividades en espazos non delimitados con un número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas.

Os espazos naturais protexidos definidos na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia cando teñan unha afluencia media anual de visitantes nos últimos 5 anos de máis de 10.000 persoas.





ANEXO III

Contido mínimo do plan de autoprotección

O documento do plan de autoprotección, estruturarase co contido que figura a continuación, tanto si se refire a edificios, como a instalacións ou actividades ás que sexan aplicables os diferentes capítulos.

Índice paxinado

Histórico de revisións

Nome da persoa redactora ou redactores, data da redacción inicial e das diferentes actualizacións, modificacións, revisións ou cambios a que foi sometido.

Sinatura do redactor ou redactores e titular

Capítulo 1. Identificación dos/as titulares e do emprazamento da actividade.

1.1 Enderezo postal do emprazamento da actividade. Denominación da actividade, nome e/ou marca. Teléfono e Fax.

1.2 Identificación dos/as titulares da actividade. Nome e/ou razón social, enderezo postal, teléfono e fax.

1.3 Nome do director do plan de autoprotección e do director o directora do plan de actuación en emerxencia, en caso de ser distintos. Enderezo postal, teléfono e fax.

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.

2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.





2.3 Clasificación e descrición de usuarios.

2.4 Descrición del entorno urbano, industrial ou natural en el que figuren los edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

2.5 Descrición de los accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa. Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e se acompañará como mínimo da documentación gráfica seguinte:

Plano de situación, comprendendo o entorno próximo urbano, industrial ou natural no que figuren os accesos, comunicacións, etc.

Planos descritivos de todas las plantas de los edificios, de las instalacións e de las áreas onde se realiza la actividade.

Capítulo 3. Inventario, análises e avaliación de riscos.

Deben terse presentes, como mínimo, aqueles riscos regulados por normativas sectoriais. Este capítulo comprenderá:

3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no desenvolvemento da mesma.

3.2 Identificación, análises e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectarlle. (Riscos contemplados nos plans de Protección Civil e actividades de risco próximas).

3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas á mesma que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e se acompañará como mínimo da documentación gráfica seguinte:

Planos de situación por plantas de tódolos elementos e/ou instalacións de risco, tanto os propios como os do entorno.





Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

4.2 As medidas e os medios, humanos e materiais, dispoñibles en aplicación de disposicións específicas en materia de seguridade. Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e se acompañará como mínimo coa documentación gráfica seguinte:

Planos de situación dos medios de autoprotección, conforme á normativa UNE. Este plano deberá tamén recoller o punto de recepción dos medios externos.

Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo los criterios fixados na normativa vixente.

Planos de compartimentación de áreas ou sectores de risco.

Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.

5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garanta o control das mesmas.

5.2 Descrición del mantemento preventivo de las instalacións de protección, que garanta a súa operatividade.

5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e se acompañará como mínimo dun libríño de follas numeradas, onde queden reflectidas as operacións de mantemento realizadas, e das inspeccións de seguridade, conforme á normativa dos regulamentos de instalacións vixentes.





Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.

Deben definirse as accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro. Comprenderá:

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias:

En función do tipo de risco.

En función da gravidade.

En función da ocupación e medios humanos.

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:

a) Detección e Alerta.

b) Mecanismos de Alarma.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

d) Evacuación e/ou Confinamento.

e) Prestación das Primeiras Axudas.

f) Modos de recepción das Axudas externas.

6.3 Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias.

6.4 Identificación do Responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante Emerxencias.

Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia a central de emerxencias





7.2 A coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o plan de autoprotección.

7.3 As formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.

Capítulo 8. Implantación do plan de autoprotección.

8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no plan de autoprotección.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección.

8.4 Programa de información xeral para os usuarios.

8.5 Sinalización e normas para a actuación de visitantes.

8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

9.2 Programa de substitución de medios e recursos.

9.3 Programa de exercicios e simulacros.

9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.

9.5 Programa de auditorías e inspeccións.

Anexo I do plan de autoprotección . Directorio de comunicación.

1. Teléfonos do Persoal de emerxencias.

2. Teléfonos de axuda exterior.

3. Outras formas de comunicación.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



Anexo II do plan de autoprotección. Formularios para a xestión de emerxencias.

Anexo III do plan de autoprotección. Planos.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



ANEXO IV

Certificado da implantación do plan de autoprotección

Datos do centro, establecemento, espazo, instalación e dependencia:

Nome:

Enderezo completo:

Actividade ou uso:

Teléfono:

Fax:

E-mail

Datos da titular da actividade ou do seu representante legal:

Nome:

DNI:

Enderezo completo:

Teléfono:

Fax:

E-mail:

Certifico: que se realizou a implantación completa do plan de autoprotección, con data...., nos termos que se recollen no citado plan e seguindo os criterios establecidos na Norma Básica de Autoprotección.

En, o de de

(lugar e data)

Asinado:



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



(O titular da actividade o seu representante legal)

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

ANEXO V

Contido mínimo do rexistro de datos dos centros, lugares ou establecementos onde sexa habitual a concentración de persoas

Datos xerais:

Nome establecemento

Enderezo completo.

Telefono, fax, E-mail.

Nº ocupantes (clasificación).

Nº empregadas/os (clasificación)

Actividade ou uso do establecemento. Actividades ou usos que convivan na mesma edificación

Datos da titular (nome, enderezo, telefono...)

Data da última revisión do documento.

Datos estruturais:

Tipo estrutura

Nº de plantas sobre e baixo rasante.

Superficie útil ou construída (pro plantas)

Numero de saídas ao exterior

Numero de escaleiras exteriores



Xacobeo 2021



Sectorización de incendios

Información relevante sobre la estrutura e/o edificio.

Ubicación claves de corte de subministro enerxéticos (gas, electricidade, gasóleo...)

Entorno:

Información sobre o entorno (urbano, rural, proximidade a ríos, a rutas polas que transitan vehículos con mercadorías perigosas, a industrias, a zonas forestais, edificio illado ou medianeiro con outras actividades. Tipo de actividades do entorno e os seus titulares)

Vulnerables existentes no entorno.

Accesibilidade:

Datos e información relevante sobre o acceso

Características dos accesos de vehículos as fachadas do establecemento.

Numero de fachadas accesibles a bombeiros.

Focos de perigo e vulnerables:

Tipo de risco máis significativo que emana do edificio.

Tipo e cantidade de produtos perigosos que se almacenan e/ou procesan.

Vulnerables.

Instalacións técnicas de protección contra incendios. Dispón de:

Detección e alarma de incendios. Data revisión de instalación.

Pulsadores de alarma de incendios. Data revisión de instalación.





Extintores de incendios. Data revisión de instalación.

Alumeado emerxencia. Data revisión instalación.

Sinalización. Data revisión instalación.

Grupo electrógeno e Sistema de Alimentación Ininterrompida, SAI. Data revisión de instalación.

Equipo de Bombeo e alxibe o depósito de auga. Data revisión instalación.

ANEXO VI

Medios de autoprotección mínimos

1. Dispositivos para a vixilancia, a identificación da emerxencia, a coordinación da resposta e a ordenación da autoprotección.

As actividades incluídas no catálogo téñense que dotar de persoal suficiente ou sistemas tecnolóxicos adecuados e suficientes para a identificación das emerxencias e garantir o aviso aos servizos públicos para a súa xestión.

As actividades con afluencia de público superior a 2.000 persoas teñen que dispoñer, ademais, do persoal oportuno para a prevención e identificación de emerxencias por aglomeracións e para garantir unha evacuación ordenada ou un confinamento se fose necesario.

Cando o evento teña unha afluencia de público prevista superior a 5.000 persoas, en recintos abertos delimitados ou non, será condición indispensable para a súa celebración a constitución dun posto de mando avanzado, que garanta o mando único e a coordinación dos servizos públicos e privados de intervención, seguridade e sanitario, e en permanente contacto co 112 no caso dunha emerxencia. Ademais, o titular da actividade deberá comunicar á Axencia Galega





de Emerxencias a realización do evento cunha comunicación mínima de polo menos 1 mes.

2. Medios sanitarios.

As actividades ou centros incluídos no ámbito de aplicación deste decreto téñense que dotar, como mínimo, dos medios materiais e persoais que estableza a normativa sectorial específica.

Nos casos establecidos no anexo deste decreto será necesario instalar aparellos de DEA e levar a cabo a formación específica para o seu uso de acordo co establecido no Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fose do ámbito sanitario, e créase o seu rexistro.

Subsidiariamente, en defecto de normativa sectorial específica, establécese que os medios materiais e persoais mínimos son os seguintes:

Epígrafe decreto	Instalación	Medios mínimos
1b	Portos Comerciais: Os portos de interese xeral con uso comercial e os seus usos complementarios ou auxiliares definidos na Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA 1 ambulancia asistencial clase C *
1b	Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias: Aqueles regulados pola lei 21/2003, de 7 de xullo, de seguridade aérea e pola normativa internacional (Normas e Recomendacións da Organización da Aviación Civil Internacional –OACI) e nacional da Dirección Xeral de Aviación Civil aplicable.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA 1 ambulancia asistencial clase C *
1d	Edificios pechados permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente, con capacidade ou aforo igual o superior a 1000 persoas, ou con unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
1d	Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada cubertos total ou parcialmente con capacidade ou aforo igual ou superior a 1500 persoas.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
1d	Outras actividades en espazos delimitados: cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas.	5.000 a 10.000 1 ambulancia clase B. 10.000 a 20.000 2 ambulancias clase B,





1d	Actividades en recintos ou espazos no delimitados: aquelas con un número de asistentes e participantes previstos igual o superior a 10.000 persoas.	A partir de 20.000 2 ambulancias clase B e 1 ambulancia clase C 10.000 a 20.000 1 ambulancias clase B, 20.000 a 30.000 2 ambulancias clase B A partir de 30.000, 2 ambulancias clase B e 1 ambulancia clase C
2b	Estacións e intercambiadores de transporte terrestre: Aqueles cunha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
2e	Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas con discapacidades físicas, sensoriais, intelectuais ou con enfermidades mentais. ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
2e	Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña una altura de evacuación igual o superior a 28 m, ou dunha ocupación igual o superior a 1.000 persoas.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
2f	Establecementos de uso residencial público: aquelas nas que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a persoas anciáns, con discapacidade física, sensorial, intelectual ou con enfermidade mental, ou aquelas en as que habitualmente haxa usuarios que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
2f	Calquera outro establecemento de uso residencial público sempre que dispoña unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 1000 persoas.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
2g	Edificios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos, ou de calquera outro tipo, sempre que a altura de evacuación do edificio sexa igual ou superior a 28 m, ou ben dispoñan dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.	1 DEA 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA





ANEXO VII

Criterios de inclusión no catálogo

As actividades, instalacións ou dependencias non incluídas no anexo I pero que presenten un especial risco, segundo os criterios que se expoñen a continuación, poden quedar incluídas dentro do ámbito de aplicación deste decreto a través da resolución motivada do director xeral competente en materia de protección civil, segundo se establece no artigo 2.c) do presente decreto, conforme aos seguintes criterios:

- a) Elementos vulnerables e moi vulnerables situados na zona de intervención de accidentes graves potencialmente posibles dos establecementos afectados pola normativa de accidentes graves.
- b) Elementos moi vulnerables situados na zona de alerta de accidentes graves potencialmente posibles dos establecementos afectados pola normativa de accidentes graves.
- c) Elementos vulnerables e moi vulnerables situados nas zonas de risco definidas polos plans especiais de emerxencias elaborados pola Xunta de Galicia, de acordo coa natureza de cada risco.
- d) Actividades ou centros que presentan un especial risco para os seus ocupantes porque teñen condicións que complican o acceso dos servizos de rescate e salvamento ou porque, pola súa localización respecto a os servizos de rescate e salvamento, non poden recibir auxilio nun prazo inferior a vinte e cinco minutos.
- e) Outras actividades ou centros que presenten un especial risco para a poboación interior ou exterior.

